



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E VIVENDA, E A ENTIDADE COLABORADORA DE PESCA “SOCIEDAD
DE PESCA FLUVIAL OS PINOS”**

En Santiago de Compostela, a DATA

- 3 XUÑ. 2021


REUNIDOS

Dunha parte, Dona Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, intervindo en representación da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións conferidas polo art. 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.


Doutra parte, Fernando Díaz Castro, en calidade de Presidente da entidade colaboradora “Sociedad de Pesca Fluvial Os Pinos”, en virtude de nomeamento na Asemblea Xeral da entidade do 4 de marzo de 2020.

Ambas as partes recoñécense mutuamente a capacidade e lexitimación precisas para subscribir o presente convenio na representación que ostentan e, na súa virtude:

EXPOÑEN



PRIMEIRO. Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuída a competencia en materia de pesca fluvial e lacustre segundo o artigo 27.15 do Estatuto de Autonomía aprobado pola Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, en consonancia co artigo 148.1.11 da Constitución Española.



Esta competencia foi transferida polos reais decretos 167/1981, do 9 de xaneiro, de transferencias de competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza, 1234/1983 do 20 de abril, de adaptación de transferencias efectuadas á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza e 1535/1984, do 20 de xuño, de ampliación e adaptación de funcións e servizos do Estado á Comunidade autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza, mediante os que se regula o traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma en materia de Agricultura, Pesca e Conservación da Natureza.





En concordancia con isto, a Lei 2/2021, de 15 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, avoga pola recoñecemento ao importante papel que se ten desempeñado nestes anos en favor da riqueza piscícola, de xeito expreso a lei prevé no seu artigo 30, a posibilidade que ten a Administración autonómica de subscribir convenios de colaboración coas asociacións ou as sociedades de persoas pescadoras de carácter non lucrativo que acrediten a condición de entidades colaboradoras, os cales terán por obxecto a realización de actividades ou investimentos a favor da riqueza piscícola, así como a mellora dos ecosistemas acuáticos, en tramos concretos de ríos, os encoros e as lagoas.

As entidades asinantes dos convenios colaborarán no coidado, a conservación, a promoción e a xestión dos recursos piscícolas.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (en adiante, CMATV), ten atribuída as competencias e funcións en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, segundo o establecido no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

SEGUNDO. Que o nomeamento e renovación de entidades colaboradoras vén descrito nos artigos 36 a 38 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio) e regulado na Orde de 23 de novembro de 2018 pola que se regulan o Rexistro de Entidades Colaboradoras de Pesca Fluvial, o Rexistro de Embarcacións e Artefactos Flotantes de Pesca Fluvial e os formularios normalizados que se van a empregar en distintos procedementos en materia de pesca fluvial.


Segundo o establecido no artigo 36 do antedito Regulamento, considéranse entidades colaboradoras as que realicen actividades ou investimentos en favor da riqueza piscícola das augas continentais galegas, así como na mellora da calidade do medio ambiente das devanditas augas e que teñen recoñecido tal carácter.





Terán a consideración de actividades e investimentos en favor da riqueza piscícola os seguintes:

- a) O desenvolvemento de actividades relacionadas co ecosistema fluvial, incluíndo cursos, conferencias, coloquios e edición de libros ou impresos divulgativos.
- b) A realización de campañas de difusión e formación dirixidas a pescadores ou escolares, especialmente aquelas que se fagan en colaboración coa Consellería de Medio Ambiente, territorio e Vivenda con colexios públicos, con aulas da natureza ou con calquera outro organismo ou entidade relacionado coa protección e conservación do medio fluvial.
- c) A colaboración en traballos programados ou desenvolvidos polos servicios de Patrimonio Natural ou por centros de investigación de recoñecido prestixio.
- d) Calquera actividade ou investimento que repercuta en beneficio directo e indirecto do hábitat ou da riqueza piscícola continental e que sexa aprobado previamente polo Servizo Provincial de Patrimonio Natural.



TERCEIRO. Que o Decreto 119/1994, do 28 de abril, polo que se fixan os prezos públicos dos servizos xestionados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes referentes a actividades de caza e pesca, modificado polo Decreto 114/2013, do 18 de xullo, establece que determinados permisos de pesca en coutos poderán ser gratuítos no caso de entidades colaboradoras coas que exista un convenio de colaboración.

CUARTO. Que a crecente demanda de participación na protección e conservación dos ecosistemas fluviais que se vén producindo nos últimos anos por parte dos colectivos de pescadores, determina que a CMATV estableza un marco dende o que coordinar as accións que as diferentes entidades colaboradoras propoñen.

De conformidade coas anteriores consideracións, a CMATV promove acordos para actuacións concretas en tramos de río con aquelas entidades colaboradoras interesadas en participar na xestión dos recursos piscícolas das nosas augas.

Neste contexto ámbalas partes comprométense a aceptar as seguintes

CLÁUSULAS





PRIMEIRA. Obxecto.

É obxecto deste convenio establecer as condicións para acordar a colaboración entre a CMATV e a entidade colaboradora "**Sociedad de Pesca Fluvial Os Pinos**" (no sucesivo, entidade colaboradora) para a realización de actividades ou investimentos en a favor da riqueza piscícola das augas continentais, así como na mellora dos ecosistemas fluviais.

O tramo de río obxecto deste convenio é o couto de pesca denominado "Couto de Pobra" no río "Neira".

SEGUNDA. Obrigas da entidade colaboradora.

A Entidade Colaboradora comprométese ao seguinte:

- a) Cumprir os requisitos establecidos nos artigos 37 a 38 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio).
- b) Manter en bo estado de uso os accesos, as sendas e mailos postos de pesca do couto durante a tempada de pesca.
- c) Realizar tarefas no couto de xestión de residuos que a pesca e outras actividades autorizadas podan xenerar (recollida de lixo e traslado a vertedoiro ou punto de recollida, extracción de peixes mortos).
- d) Implementar e manter operativo un sistema de avaliación das capturas e do esforzo de pesca no couto co obxecto de comprobar a adecuación do plan de xestión deste no transcurso do tempo. O dito sistema deberá cumprir cuns requisitos técnicos mínimos (no Anexo I xúntase modelo cos contidos mínimos). Esta información será avaliada polo Servizo Provincial de Patrimonio Natural, que elaborará un informe anual.

Ademais colaborarán co Servizo Provincial de Patrimonio Natural, de ser o caso e previa demanda, no guiado de capturas no couto e nos tramos libres próximos, en traballos programados ou desenvolvidos polo servizo Provincial de Patrimonio Natural ou por centros de investigación de recoñecido prestixio, así como en mostraxes e inventarios.





- e) Facilitar a cada membro da entidade colaboradora un documento ou tarxeta de identificación. Mentres se faga uso dun dos permisos de pesca reservados á entidade colaboradora, deberase estar en posesión da identificación antes sinalada, xunto co resto de documentos que require a normativa de pesca.
- f) Comunicar ao Servizo Provincial, cun mínimo dunha semana de antelación, a execución de traballos de mantemento ou mellora do couto, de ser o caso, previa a obtención das autorizacións ou permisos correspondentes, nos casos nos que sexa preceptivo. Respetarán as condicións de execución que poida establecer o dito Servizo.
- g) Escoller as tres cotas diarias de permisos ás que se refire o artigo 33 do Regulamento no couto de pesca do que é obxecto este convenio.
- h) Distribuír os permisos de pesca unicamente entre membros da sociedade ou asociación. A distribución destes permisos será equitativa.
- i) O nomeamento de dous representantes para a comisión de seguimento.
- j) Participación nos programas de detección temperá de especies exóticas invasoras e nos programas de vixilancia que organice a CMATV.
- k) Sinalizar o couto de pesca. Esta obriga inclúe tanto o mantemento dos sinais actuais coma a colocación de novos sinais naqueles puntos onde indique o Servizo Provincial, así como a súa reposición durante a duración do convenio.
- l) Realizar o mantemento das infraestruturas existentes no couto.

Pasarela situada en coto de Pobra

Outras: 3 escaleiras de acceso ao couto de Pobra

- m) O desenvolvemento de actividades relacionadas co ecosistema fluvial coa realización de eventos e actuacións encamiñadas a potenciar e difundir a protección da fauna ictícola e do medio natural, así como o aproveitamento deportivo sustentable; fomento da pesca sen morte como medida de conservación dos recursos ictícolas, co impulso do emprego das técnicas de pesca menos lesivas e promoción, especialmente entre o público máis novo e o colectivo de discapacitados e actuacións de divulgación e fomento dos valores





deportivos e medioambientais asociados á práctica da pesca deportiva, cursos de sensibilización ambiental para o coidado e respecto á Natureza; xornadas de erradicación de especies exóticas invasoras.

- Xornada, conferencia e/ou coloquio de bioloxía e ecosistemas fluviais..

TERCEIRA. Obrigas da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A Consellería pola súa parte asume os seguintes compromisos:

- a) Reservar para a entidade colaboradora o corenta e cinco por cento (45 %) dos permisos de pesca no couto citado para cada un dos días hábiles de pesca de cada tempada.

Da reserva poderanse exceptuar catro xornadas de pesca con destino a concursos deportivos oficiais e actividades sociais de entidades colaboradoras sen convenio, en previsión do disposto nos artigos 32 e 33 do Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (no sucesivo, Regulamento) e a reserva de permisos para o fomento do turismo (art. 28 a 30 da citada normativa).

- b) Reservar para a entidade colaboradora a totalidade dos permisos do couto para tres xornadas de pesca en cada tempada, quedando excluídas as tres primeiras semanas da tempada.

- c) Asesorar á entidade colaboradora naqueles aspectos técnicos do presente convenio que o requiran. Antes do inicio de cada traballo de mantemento ou mellora, persoal do Servizo Provincial de Patrimonio Natural (no sucesivo, Servizo Provincial) efectuará unha inspección previa, asesorará aos membros da entidade colaboradora sobre o xeito de realizar os traballos e, unha vez rematados, certificará a súa correcta execución.

CUARTA. Xestión dos permisos de pesca.

A entidade colaboradora deberá xestionar e distribuír os permisos de pesca conforme ao descrito neste apartado.

No cálculo da cantidade de permisos resultante de aplicar a porcentaxe establecida na cláusula TERCEIRA.a), os redondeos, de ser precisos, realizaranse sempre á alza.





A entidade colaboradora distribuirá os permisos de pesca unicamente entre membros da sociedade ou asociación. En ningún caso se poderán ceder ou vender a persoas non socias.

A distribución de permisos de pesca entre membros da entidade colaboradora será equitativa, debendo remitirse ao final de cada tempada a información necesaria, no formato que se determine, para a elaboración das análises estatísticas que realizará a Consellería en relación cos permisos de pesca.

No Anexo II deste convenio, inclúese a información mínima obrigatoria que deberá ser remitida en cumprimento deste apartado.

QUINTA. Comisión de seguimento.

Para o seguimento, execución e interpretación deste convenio créase unha Comisión de Seguimento constituída por 2 representantes da entidade colaboradora, designados polo órgano facultado para o efecto e polos seguintes representantes da administración autonómica (ou persoa en quen deleguen):

- Un representante da Xefatura Territorial da Consellería, que ostentará o voto de calidade.
- Un representante do Servizo Provincial de Patrimonio Natural.

De común acordo entre ambas partes, ás xuntanzas da Comisión de Seguimento poderán asistir, con voz pero sen voto, os técnicos que por razón da materia cada parte considere necesarios.

A Comisión terá como funcións:

- a) O seguimento do cumprimento do convenio.
- b) En caso necesario, concretar aqueles aspectos da execución do convenio que o requiran.
- c) Asegurar o intercambio de información entre as partes asinantes deste convenio.
- d) Resolver de común acordo calquera dúbida ou diferenza que se formule sobre a interpretación e aplicación do convenio.





Esta comisión reunirse tantas veces sexa preciso para conseguir que o convenio acade os seus obxectivos.

O funcionamento da Comisión de Seguimento axustarase ao disposto no capítulo II da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, sen prexuízo da facultade de completar estas normas de funcionamento.

SEXTA. Seguimento e control.

Anualmente, finalizada a tempada de pesca, a entidade colaboradora remitirá ao Servizo Provincial a avaliación de capturas e esforzo de pesca e os xustificantes de ter realizadas as obrigas recollidas na cláusula SEGUNDA. Esta documentación deberá ser aportada xunto coa solicitude de renovación do nomeamento de entidade colaboradora.

SÉTIMA. Efectos e duración.

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2024.

Non obstante, poderá prorrogarse por acordo das partes por un período adicional dun ano. A prórroga deberá formalizarse con anterioridade á finalización do prazo previsto no apartado anterior, mediante a subscripción do oportuno acordo de prórroga.

OITAVA. Causas de extinción.

Serán motivos de extinción deste convenio os seguintes:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) A perda dalgunha condición ou requisito dos requiridos á entidade colaboradora para a sinatura do convenio, e en particular a perda ou non renovación do nomeamento conforme ao disposto no artigo 38 do Regulamento.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.





Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos.

Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

NOVENA. Modificacións do convenio.

Este convenio de colaboración poderá ser modificado por mutuo acordo das partes, previa proposta da Comisión de Seguimento. A modificación efectuarase mediante a subscripción dun acordo de modificación e sempre dentro do prazo de duración do convenio.

DÉCIMA. Natureza e xurisdición competente.

O presente convenio ten natureza administrativa e exercerase consonte a Lei 2/2021, de 15 de xaneiro, de pesca continental de Galicia, de acordo co Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio) e observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Correspondéndolle á CMATV o exercicio das potestades administrativas para resolver as cuestións que xurdan sobre a interpretación e cumprimento do convenio.

A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contenciosa-administrativa.

UNDÉCIMA. Publicidade.





A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

DÉCIMO SEGUNDA. Relación laboral.

A subscrición do presente convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a CMATV de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMO TERCEIRA. Protección de datos de carácter persoal.

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

E en proba de conformidade por todo o anteriormente exposto e estipulado, asinan ambas as dúas partes o presente convenio, por triplicado no lugar e data indicados no encabezamento do mesmo.

A conselleira de Medio Ambiente, Territorio e
Vivenda



Ángeles Vázquez Mejuto

O representante da entidade colaboradora



Fernando Díaz Castro

